

ROSALÍA DE CASTRO: VIDA E OBRA

- Rosalía de Castro naceu o 24 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela.
- Era filla dunha fidalga (M^a Teresa de la Cruz Castro) e dun sacerdote (José Martínez Viojo), polo que foi inscrita no rexistro como filla de pais descoñecidos.
- Pasou a súa infancia e xuventude entre Padrón e Santiago.
- Cando era moza foi vivir para Madrid e alí casou co tamén escritor Manuel Murguía. Tiveron 7 fillos, mais 2 deles morreron prematuramente.
- En Madrid publicou o seu primeiro poemario: *La flor*.
- O 17 de maio de 1863 publicou *Cantares gallegos*, obra representativa do Rexurdimento. Esta data (17 de maio) fixouse un século máis tarde como o Día das Letras Galegas.
- Xunto con *Cantares gallegos*, destacan os seus poemarios *Follas Novas* (galego) e *En las orillas del Sar* (castelán).
- Rosalía morreu en Padrón (Casa da Matanza) no ano 1885 debido a un cancro de útero.